

Plan de mellora: Accións de orientación para o Grao de Educación Social

Xustificación

A proposta do Plan de Mellora parte dos resultados acadados na enquisa de satisfacción do alumnado e do profesorado respecto das preguntas relativas a orientación ao estudante.

Orientación ao estudante	1º curso		3º curso	
	Media	Desv. típica	Media	Desv. típica
5. As actuacións de atención á diversidade son adecuadas	4,04	1,18	2,92	1,21
6. As actuacións dirixidas aos programas de mobilidade dos estudantes son adecuadas	3,53	1,50	2,63	1,36
7. As accións encamiñadas á organización das prácticas externas dos estudantes son adecuadas	3,72	1,16	3,07	1,47
8. As actuacións encamiñadas a preparar ao estudante para a inserción ao mundo laboral ou a continuación de novos estudos son adecuadas	3,73	1,48	2,24	1,02
9. Estou satisfeito coas accións que orientan ao estudante	3,53	1,47	2,57	1,03

A media acadada para a pregunta xenérica 9 por parte do profesorado foi de 3,73.

No apartado de observacións apúntase fundamentalmente o descoñecemento por parte do alumnado das accións de orientación, en xeral, ou falta de información sobre temas específicos: “descoñezo as accións de orientación ao estudantado”, “non creo que se ofrezca orientación ao estudante”, “non se ofrece información clara”, “non estamos informados acerca de becas ás que se pode optar, becas para estudar no estranxeiro”, “ninguén veu explicarnos nada”, “quizais deba facerse máis explícita e darse a coñecer”.

Identifícase a necesidade de deseñar un plan sistemático de orientación ao alumnado especificamente centrado no título de Grao en Educación Social.

Análise da realidade

As primeiras accións que se levaron a cabo para deseñar o plan de mellora, centráronse en procurar máis información para comprender mellor a realidade. Neste sentido, a través das reunións de coordinación de curso co profesorado que imparte docencia no Grao, reflexionouse conxuntamente sobre algúns dos motivos que permiten explicar os resultados das enquisas.

En xeral, o profesorado comparte a necesidade de facer explícitas e mellorar a publicidade das iniciativas levadas a cabo pola Facultade, facilitando a súa identificación. Apélase tamén á responsabilidade do alumnado, promovendo a súa

autonomía na busca da información e orientación. Algunhas das propostas xurdidas nas reunións de coordinación foron: promover accións específicas e escalonadas; implicar ao alumnado na realización de accións, xornadas...; promover que o alumnado de 4º curso acolla ao alumnado de 1º curso; abordar en 1º competencias transversais (APA, redacción, traballo en grupo).

Así mesmo, leváronse a cabo reunións co alumnado dos catro cursos, onde se lles preguntou polo seu concepto de orientación, polas accións, servizos e iniciativas de orientación desenvolvidas pola Universidade e a Facultade que coñecen e polas necesidades de orientación específicas que teñen, e os contidos concretos.

En xeral, entenden a orientación como asesoramento, guía e axuda sobre calquera decisión que inflúa na vida universitaria e futuro profesional; e como información detallada sobre temas relativos a: ámbitos da Educación Social, cursos ou actividades de formación complementaria, dereitos do alumnado, saídas laborais, recursos e servizos existentes.

As respostas maioritarias cando se lles pregunta polas accións que desenvolve Facultade son: “ningunha”, titorías de profesorado, o SAPE. Moi poucos identifican as xornadas monográficas sobre Prácticum, información sobre os programas de mobilidade, ou os cursos específicos sobre o TFG. Confírmase que a maior parte do alumnado non coñece ou non identifica as accións desenvolvidas pola Facultade sobre orientación.

En relación aos contidos nos que consideran se debería centrar a orientación ao alumnado, destacan os seguintes: saídas laborais, formación complementaria (mestrados, posgrados...) e bolsas. Tamén hai alumnado que alude a orientación curricular (itinerarios, convalidación de materias, ámbitos da Educación Social...), Practicum, programas de mobilidade, TFG, voluntariado e funcionamento da Universidade (regulamentos, dereitos e deberes, eleccións, departamentos...).

Obxectivos

Xerais:

- Dispoñer dun plan sistemático de orientación ao alumnado especificamente centrado no Grao en Educación Social.
- Mellorar os resultados obtidos con respecto á orientación do estudante.

Específicos:

- Responder ás demandas de orientación do alumnado, tanto académica ou curricular como laboral, abordando especificamente temas vinculados a

practicum, TFG, bolsas, mobilidade, estudos posobrigatorios e saídas laborais.

- Implicar ao alumnado na realización das accións de orientación.
- Implicar a servizos da Universidade (SAPE, CUFIE, OCV...) e a entidades sociais (Ceeg...) nas accións a desenvolver.

Proposta metodolóxica

Optouse por graduar o desenvolvemento das diferentes accións, en función da especificidade de cada curso e das preocupacións e intereses principais do alumnado.

Accións

- *1º curso: Acollida e competencias transversais*
 - Xornadas de acollida (setembro)
É preciso enmarcar o Grao en Educación Social como título propio da Facultade de Ciencias da Educación, da Universidade da Coruña, xunto con outras titulacións, pero tamén é necesario atender á especificidade do título. Neste sentido, propónse diferenciar dous momentos nas xornadas de acollida, un primeiro vinculado a coñecer a Facultade e os servizos que ofrece a Universidade, e un segundo momento específico sobre Educación Social: Grao, ámbitos profesionais e colexio profesional.
 - Xornadas monográficas (outubro-abril)
Mensual ou bimensualmente desenvolveranse accións relacionadas con competencias transversais e servizos específicos da Facultade: biblioteca e bases de datos, organización de traballos, APA, redacción de informes, asociación de estudantes...
- *2º curso: Mobilidade e Prácticum*
 - Xornada sobre mobilidade:
O alumnado acostuma solicitar unha bolsa de mobilidade no 3º curso, neste sentido, consideramos que é primordial reforzar a información e orientación en 2º, previa ao prazo de solicitude. A proposta sería que a Vicedecana de Estudantes e Internacionalización informe sobre os programas e bolsas, e que alumnado que xa participou conte a súa experiencia.
 - Charla informativa sobre o Practicum I:
A finais do segundo cuadrimestre, posto que é unha das materias de terceiro curso que máis ansiedade provoca.

- *3º curso: Prácticum e TFG*
 - Xornada monográfica de Practicum
Previa á elección de centro propónse unha xornada monográfica con profesionais da Educación Social vinculados a diferentes ámbitos e entidades, de cara a favorecer a elección do centro.
 - Charla informativa sobre TFG e bolsas de departamento
A finais do 2º cuadrimestre propónse unha charla informativa sobre os TFG e bolsas de departamento.

- *4º curso: Orientación Laboral*
 - SAPE
 - Xornada “Agora que: estudo ou traballo?”
Xornada a cargo do Ceesg sobre saídas e posibilidades formativas (mestrados, posgraos...).